

A Cámara promocionará as exportacións en dezasete países durante 2010

Ferrol. 20/01/2010. Dezasete países serán o destino das accións de promoción comercial que vai desenvolver, ao longo de 2010, a Cámara de Comercio de Ferrol co obxectivo de propiciar un incremento das vendas de produtos galegos a estes mercados.

A maior parte destas actuacións, incluídas no Plan de Fomento das Exportacións Galegas, diríxense a mercados da Unión Europea e de países candidatos ao ingreso no espazo comunitario, pero tamén se contemplan escenarios doutros continentes.

Por sectores, o naval, o eólico e os materiais de construción concentran a maior parte da programación deseñada polo departamento de comercio exterior desta entidade.

Precisamente, entre as principais novidades para este ano, cabo destacar a celebración dun encontro empresarial na India, previsto para os primeiros días do mes de xuño, ao que se convocará ás empresas da industria auxiliar do naval que queiran iniciar contactos con potenciais clientes do subcontinente asiático.

As firmas deste sector tamén poderán inscribirse para participar como expositores na feira SMM que se celebra en Hamburgo e mostrar os seus produtos neste certame bienal de referencia para o naval, logo dunha primeira experiencia no 2008 que resultou satisfactoria.

Dirixida aos fabricantes de materiais de construción con intereses comerciais en Marrocos —un país con importantes taxas de crecemento neste sector— está a participación na feira SIB, que se celebrará en Casablanca no mes de setembro.

Pola súa banda, o capítulo de visita a certames monográficos de carácter internacional estará dedicado ao sector eólico. A Cámara facilitará que os fabricantes galegos poidan coñecer de primeira man a oferta internacional na produción deste tipo de enerxía, establecer contactos e detectar oportunidades comerciais nas feiras Windpower (Estados Unidos), principal punto de encontro de clientes, provedores e competidores de todo o mundo, e Husum Wind Energy (Alemaña).



Tocante ás misións comerciais directas programadas para este ano, todas elas con carácter multisectorial, mantéñense destinos xa habituais do centro e Leste de Europa, como Alemaña; a República Checa e Hungría; e Serbia e Macedonia, introducindo, neste caso, por primeira vez, unha extensión a Albania.

Ademais, o Plan prevé, para os meses de marzo e abril, senllas misións inversas que traerán a Galicia a importadores europeos de planta ornamental, desde Alemaña, Francia e o Reino Unido, e de materiais de construción, procedentes, neste caso, de Polonia e Eslovaquia.

Finalmente, a Cámara retoma a promoción das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal como destinos turísticos, organizando, para o mes de xuño, unha viaxe de familiarización de xornalistas alemáns e suízos. O obxectivo é obter unha cobertura mediática que axude a coñecelos para aumentar o número de visitantes procedentes destes dous países.

